

3. A CRISE DO SÉCULO XVII: ASPECTOS SOCIOECONÓMICOS E POLÍTICOS¹.

ORIENTAÇÕES DA CIUG: Nesta pregunta o alumnado deberá demostrar que coñece as principais evidencias da crise demográfica e económica e as súas causas así como comentar os efectos da mesma, facendo especial referencia á postura dos privilexiados respecto da crise. Desde o punto de vista político cómpre subliñar o programa de reformas que intentou poñer en marcha Olivares, con particular atención á Unión de Armas e á crise sufrida pola monarquía a partir de 1640 (revolta de Cataluña e rebelión de Portugal).

Estudo para a PAU: Centrarse nos aspectos políticos: o programa de reformas de Olivares e as rebelións de Cataluña e Portugal.

Fronte á expansión económica e política do s. XVI, o s. XVII foi unha época de crise e dificultades para a Monarquía hispánica e especialmente para a coroa de Castela. Este período será de contracción e recesión económica e demográfica, perda de territorios e da hexemonía política europea dos Austrias.

Aspectos económicos e demográficos

A finais do século XVI e durante case todo o século XVII tivo lugar unha acusada **crise demográfica**. A poboación estancouse ou, incluso, decreceu. Varias **causas** explican este estancamento: As **malas colleitas**, **as vagas de epidemia de peste** que afectaron á península en diversas ondas (1597, 1647, 1676) e **as guerras**. Foron frecuentes as crises de **mortalidade catastrófica**. A Coroa de Castela foi o reino máis afectado pola caída de poboación. A **expulsión dos mouriscos** en 1609 durante o reinado de Felipe III contribuíu ao descenso demográfico, sobre todo En Aragón e Valencia onde eran unha parte importante da poboación ocupada, sobre todo, en actividades agrícolas.

Ademais da crise agraria, todos os sectores artesanais e comerciais se viron afectados. Caeu a produción interna e produciuse a **ruína dos centros artesanais** (principalmente da industria téxtil) de Castela. As causas foron múltiples: a excesiva alza dos prezos provocada pola chegada do ouro e prata americanos, a diminución da demanda, a invasión do mercado interno polos produtos estranxeiros, o incremento dos impostos e as alteracións monetarias.

O **comercio exterior** baseado na exportación de materias primas (en especial a lá) e na importación de manufacturas, tamén se resentiu. A caída da produción interna favoreceu aos comerciantes estranxeiros que coparon os envíos cara a América a través de intermediarios casteláns².

Para facer fronte ao descenso de ingresos, aos inxentes gastos das múltiples guerras e aos gastos suntuarios da corte, a Coroa ademais de incrementar a débeda pública e subir os impostos recorreu á desvalorización da moeda fabricando inxentes cantidades de moedas de **vellón** (alixe de cobre e prata). Isto provocou o aumento da inflación e agravou as dificultades económicas da Facenda Real³.

Aspectos sociais

A sociedade hispánica do século XVII caracterizouse polo seu inmovilismo social, a polarización e o triunfo dunha mentalidade aristocrática e clerical. A crise económica provocou a ruína da débil clase burguesa urbana que abandonou os negocios e os traballos artesanais, considerados viles, e buscou **ennobrecese**. Ao mesmo tempo, **estendeuse a pobreza** e aumentou o número de mendigos, vagabundos e pícaros que vivían da caridade das igrexas.

En Cataluña e Valencia as condicións económicas melloraron desde mediados de século. Porén, en Castela só a partir de 1680 se aprecia a recuperación da poboación e da produción agrícola.

¹ Texto adaptado de [<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesguia/aulavirtual/course/view.php?id=37>] de Andrea Montero do IES da Guía, do IES San Rosendo [https://www.edu.xunta.gal/centros/iessanrosendo/aulavirtual/course/view.php?id=2^*] e o manual de *Historia de España* da Editorial Baía.

² A finais do século XVII unicamente o 5% dos produtos enviados ás colonias americanas procedían da Península.

³ A imposibilidade de devolver os préstamos realizados polos banqueiros provocou a declaración de até sete bancarrotas do Estado neste período, incluído o reinado de Felipe II.

Aspectos políticos


Durante o século XVII, a monarquía hispánica viviu un claro proceso de decadencia. Os numerosos problemas dos últimos anos do reinado de Felipe II agraváronse no s. XVII (Felipe III e IV e Carlos II), facendo fronte a inimigos cada vez máis poderosos e os gastos asociados. Centrarémonos nas reformas do Conde Duque de Olivares e nas rebelións de Cataluña e Portugal de 1640.

A diferenza do goberno persoal e absoluto de Carlos I e Felipe II, o goberno dos últimos Austrias caracterizouse pola figura do **valido**, persoa de confianza do rei en quen delegaba a maior parte da acción de goberno.

Valimento de conde-duque de Olivares:

O acceso ao trono de Felipe IV, en 1621, implicou un cambio na política exterior da monarquía e o ascenso dun novo valido, o conde-duque de Olivares. Este pretendía modificar a estrutura política da Monarquía Hispánica eliminando os privilexios forais dos seus reinos e impondo as leis de Castela, máis favorables ao poder real. Pretendeu restaurar a posición internacional da monarquía hispánica, polo que participou en múltiples conflitos internacionais coa idea de manter a hexemonía do imperio hispánico.

Validos dos Austrias españoles no século XVII	
▪ Felipe III:	
Duque de Lerma	1598-1618
Duque de Uceda	1618-1621
▪ Felipe IV:	
Conde-duque de Olivares	1621-1643
Luis de Haro	1643-1661
▪ Carlos II:	
Everardo Nithard	1665-1669
Fernando Valenzuela	1669-1677
Xoán Xosé de Austria	1677-1679
Duque de Medinaceli	1680-1685
Conde de Oropesa	1685-1691



Francisco de Sandoval, duque de Lerma. 1553-1623 (P. P. Rubens, 1603).

Proxecto de reforma e Unión de Armas:

Tanta campaña bélica supuña un gasto constante na xa tocada Facenda Real, polo que Olivares puxo en marcha un amplo programa de reformas internas no plano económico, administrativo e militar.

- Para afrontar a desmesurada crise propuxo unha redución de gastos excesivos, evitar a emisión de moeda de vellón e protexer a produción artesanal.
- As reformas administrativas e militares centráronse no proxecto da **Unión de Armas (1625)**: a creación dun exército permanente de 140.000 homes sostido por todos os reinos en función da súa poboación e riqueza e non só por Castela, que se atopaba exhausta e empobrecida. Detrás deste proxecto estaba a idea dunha maior integración e uniformización de todos os territorios da monarquía, eliminar os privilexios forais, crear unha estrutura centralizada do Estado e un reforzamento do poder absoluto do rei. Pero **a súa aplicación foi imposible**, tanto polas dificultades económicas como pola oposición dos reinos, sobre todo das Cortes da Coroa de Aragón. A partir de 1635 aumentaron as necesidades de homes e cartos para facer fronte á entrada de Francia da Guerra dos Trinta Anos e Olivares tratou de aumentar a contribución dos reinos, pero a súa política incrementou o malestar e orixinou fortes protestas.

A Revolta de Cataluña (*Revolta dels segadors*):

As reformas de Felipe IV víanse con desconfianza por medo a perder os seus privilexios forais. Ao mesmo tempo, a guerra con Francia desde 1635 fixo aumentar os efectivos militares no Roselló e Cataluña. As tensións entre as tropas e a poboación ían en aumento, propiciando o estalido dunha revolta campesiña. O 7 de xuño de 1640 produciuse en Barcelona o denominado *Corpus de Sangue*, no que o vicerrei e varios funcionarios foron asasinados a mans dun grupo de segadores.

A Coroa envía reforzos para reprimir as revoltas e aproveitar e modificar os dereitos forais. A resposta da Generalitat é a de tomar as armas e defenderse. O deputado Pau Clarís asume o goberno de Cataluña declarando a república. En 1641, solicitaron axuda a Francia e proclamaron a Lois XIII conde de Barcelona. Esta situación mantívose até a rendición de Barcelona ás tropas reais en 1652, unha vez Felipe IV prometeu respectar os privilexios forais de Cataluña.

A Independencia de Portugal (*Guerra da Restauração*):

O descontento portugués ante a política unificadora de Olivares, a obrigada participación de soldados portugueses na rebelión catalá e a perda de parte do seu imperio a mans dos holandeses favoreceu a rebelión portuguesa. No ano 1640, as Cortes portuguesas proclamaron rei ao duque de Bragança co nome de João IV, que foi rapidamente apoiado pola nobreza local. Malia os esforzos de Felipe IV e Olivares, a nova monarquía portuguesa consolidouse coa axuda de Francia e Inglaterra, e España tivo que recoñecer finalmente a súa independencia en 1668, xa baixo o reinado de Carlos II.

Na década de 1640 foron varios os reinos e territorios que se sublevaron. Andalucía, Aragón, Navarra, Nápoles e Sicilia agrandaron a denominada "crise de 1640". O conde-duque de Olivares foi destituído do seu cargo e substituído por Luis de Haro. Coa fin da Guerra dos Trinta Anos na Paz de Westfalia (1648) púxose fin á hexemonía da Monarquía hispánica en Europa a favor da francesa.

O reinado de Carlos II (1665-1700) suporá o remate definitivo dos Habsburgo ao morrer sen descendencia dando lugar á Guerra de Sucesión. Os Borbóns inauguran unha nova dinastía.